

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

*ORDE do 15 de xullo de 2015 pola que se establece a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, e se regula o seu currículo e a súa oferta.*

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 31, dispón que é competencia plena da Comunidade Autónoma galega regular e administrar o ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, sen prexuízo do disposto no artigo 27 da Constitución e nas leis orgánicas que, conforme o punto primeiro do seu artigo 81, o desenvolvan, e das facultades que lle atribúe ao Estado o artigo 149.1°.30 da Constitución.

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, na redacción dada pola Lei 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, establece no seu artigo 6 bis 2, tanto para a etapa de primaria como para as de educación secundaria e bacharelato unha distribución de materias en tres bloques: troncais, específicas e de libre configuración autonómica. Respecto de cada un dos bloques regula competencias e funcións distintas para cada unha das administracións, a estatal e a autonómica, e para os centros docentes.

Así mesmo, na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, tanto no desenvolvemento normativo relativo á organización da educación secundaria obrigatoria como no do bacharelato, dispónse que, en función da regulación e da programación da oferta educativa que estableza a Administración educativa autonómica, os alumnos e as alumnas poderán cursar materias do bloque de disciplinas de libre configuración autonómica que serán obxecto da correspondente determinación normativa.

No Real decreto 1105/2014, do 26 de decembro, polo que se establece o currículo básico da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato, recóllese así mesmo a competencia da Administración educativa autonómica para regular a oferta de materias de libre configuración autonómica, así como para o establecemento dos contidos, os criterios e os estándares, e para a fixación do horario correspondente.

O Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, tanto nos artigos 13.3 e 13.4 coma nos artigos 30.5 e 30.6, e 31.5 e 31.6, establece a posibilidade de que a consellería con competencias en materia de educación poida ofrecer materias de



libre configuración autonómica elixibles polos centros docentes no horario establecido de libre configuración.

En consecuencia, de conformidade co exposto e no uso da habilitación normativa que figura na disposición derradeira segunda do Decreto 86/2015, do 25 de xuño, como conse lleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria,

#### ACORDO:

##### Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación*

1. Esta orde ten por obxecto establecer a relación de materias de libre configuración autonómica propostas pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e elixibles polos centros docentes dentro do horario de libre configuración, tanto en educación secundaria obrigatoria como en bacharelato, así como regular o seu currículo e a súa oferta.

2. Esta orde será de aplicación en todos os centros docentes dependentes da Con se llería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria que impartan as ensinanzas men cionadas.

##### Artigo 2. *Materias de libre configuración autonómica elixibles*

1. Na etapa de educación secundaria obrigatoria, as materias de libre configuración au tonómica elixibles que os centros docentes poderán ofrecer, en función da dispoñibilidade dos recursos e da organización do centro, son: Paisaxe e Sustentabilidade, Educación Fi nanceira, Investigación e Tratamento da Información, Oratoria, Programación, Promoción de Estilos de Vida Saudables e Xadrez.

2. Na etapa de bacharelato, as materias de libre configuración autonómica elixibles que os centros docentes poderán ofrecer, en función da dispoñibilidade dos recursos e da or ganización do centro, son: Antropoloxía, Literaturas Hispánicas, Robótica, Ética e Filosofía do Dereito, Filosofía da Ciencia e da Tecnoloxía, Métodos Estatísticos e Numéricos, Xeo grafía e Historia de Galicia, Patrimonio Artístico e Cultural de Galicia, e Literatura Galega do Século XX e da Actualidade.

3. Os centros docentes concretarán, de ser o caso, a súa oferta de materias de libre configuración autonómica elixidas para seren impartidas dentro do horario establecido para a libre configuración do centro, oferta que formará parte do proxecto educativo.

4. Como anexo a esta orde inclúese o currículo das materias de libre configuración autonómica relacionadas nos puntos 1 e 2 deste artigo correspondentes a cada unha das etapas.



**Artigo 3. *Distribución das materias de libre configuración autonómica elixibles e carga horaria***

1. As materias de libre configuración autonómica elixibles en educación secundaria obrigatoria poderán ofrecerse en primeiro e/ou segundo curso. O alumnado poderá cursalas nun dos cursos, segundo a oferta establecida polo centro docente.

2. As materias de libre configuración autonómica elixibles en educación secundaria obrigatoria terán a carga horaria dun período lectivo semanal.

3. As materias de libre configuración autonómica elixibles en bacharelato poderán ofrecerse coa distribución seguinte: Antropoloxía, Literaturas Hispánicas e Robótica, en primeiro curso; Ética e Filosofía do Dereito, Filosofía da Ciencia e da Tecnoloxía, Métodos Estatísticos e Numéricos, Xeografía e Historia de Galicia, Patrimonio Artístico e Cultural de Galicia, e Literatura Galega do Século XX e da Actualidade, en segundo curso.

4. As materias de libre configuración autonómica elixibles en bacharelato terán unha carga horaria de dous períodos lectivos semanais.

**Artigo 4. *Requisitos para a oferta das materias***

1. As materias de libre configuración autonómica deberán contar cun número mínimo de dez alumnos e/ou alumnas para seren impartidas. Coa finalidade de atender a diversidade en ámbitos rurais, pequenos núcleos de poboación e/ou outras circunstancias que así o aconsellen, poderán impartirse con cinco alumnos e/ou alumnas, sempre con carácter extraordinario. Neste caso precisarase a autorización expresa da xefatura territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

2. Na oferta das materias respectarase o tratamento análogo das linguas cooficiais e os criterios establecidos no Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.

**Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa***

De acordo co calendario de implantación establecido no ordinal segundo da disposición derradeira primeira do Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do de bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, as modificacións introducidas nesta orde implantaranse para o primeiro curso de bacharelato no curso escolar 2015/16.



A partir da total implantación do Decreto 86/2015, do 25 de xuño, no curso escolar 2016/17, quedarán derogadas as seguintes normas:

1. Orde do 25 de xuño de 2008 pola que se establece a relación de materias optativas do bacharelato, o seu currículo e se regula a súa oferta.
2. Orde do 23 de setembro de 2008 polo que se amplía a oferta de materias optativas do bacharelato e se establece o seu currículo.
3. Orde do 23 de xuño de 2009 pola que amplía a oferta de materias optativas do bacharelato e se establece o seu currículo.

Así mesmo, quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto nesta orde.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación para o desenvolvemento normativo*

Facúltase a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para adoptar os acordos e ditar as resolucións que considere oportunas no desenvolvemento desta orde.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 15 de xullo de 2015

Román Rodríguez González  
Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

ANEXO  
**Materias de libre configuración autonómica de elección  
para os centros docentes en educación secundaria obrigatoria**

Educación Financeira

Introdución

A introdución no currículo da ensinanza obrigatoria dunha materia de contido económico-financeiro persegue formar cidadás e cidadáns capaces de comprender a importancia de adoptar decisións acertadas sobre a súa economía persoal. Unha mellora na formación fi-

